

ORDENANZA FISCAL Número 12

REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA

Artigo 1º.-

De conformidade co previsto no artigo 95.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o coeficiente de incremento nas cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica aplicable a este municipio, en relación co cadro de tarifas do artigo 95.1 do citado texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, queda fixado en 1,3348 para todas as clases de vehículos, excepto para os turismos de 20 cabalos en diante que será do 1,8705; resultando os seguintes importes:

CLASE DE VEHICULO E POTENCIA	CUOTA TRIBUTARIA
TURISMOS	
De menos de 8 cabalos fiscais	16,85
De 8 ata 11,99 cabalos fiscais	45,50
De 12 ata 15,99 cabalos fiscais	96,05
De 16 ata 19,99 cabalos fiscais	119,60
De 20 cabalos fiscais	209,50
AUTOBUSES	
De menos de 21 prazas	111,20
De 21 a 50 prazas	158,35
De máis de 50 prazas	197,95
CAMIONES	
De menos de 1000 kg de carga útil	56,45
De 1000 a 2999 kg de carga útil	111,20
De máis de 2999 a 9999 kg de carga útil	158,35
De máis de 9999 kg de carga útil	197,95
TRACTORES	
De menos de 16 cabalos fiscais	23,60
De 16 a 25 cabalos fiscais	37,05
De máis de 25 cabalos fiscais	111,20
REMOLQUES E SEMIREMOLQUES	
De menos 1000 kg e máis 750 kg carga útil	23,60
De 1000 a 2999 kg de carga útil	37,05
De máis de 2999 kg de carga útil	111,20
OUTROS VEHICULOS	
Ciclomotores	5,90
Motocicletas ata 125 cc	5,90
Motocicletas de máis de 125 ata 250 cc	10,10
Motocicletas de máis de 250 ata 500 cc	20,20
Motocicletas de máis de 500 ata 1000 cc	40,45
Motocicletas de máis de 1000 cc	80,85



Para a aplicación do anterior cadro de tarifas estarase ao disposto no Anexo II do Real Decreto 2.822/1998 do 23 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Vehículos, en relación ás definicións e categorías de vehículos e tendo en conta, ademais as seguintes regras:

a) Os vehículos mixtos adaptables e os derivados de turismos (clasificacións 31 e 30 respectivamente, conforme ao Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán como turismo, de acordo coa súa potencia fiscal, salvo nos seguintes casos:

1º. Se o vehículo estivese habilitado para o transporte de máis de nove persoas, incluído o condutor, tributará conforme á letra B) do artigo 4º.

2º. Se o vehículo estivese autorizado para transportar máis de 525 quilogramos de carga útil, tributará conforme á letra C) do artigo 4º.

b) Os motocarros tributarán, aos efectos deste Imposto, pola súa cilindrada conforme á letra F) do artigo 4º.

c) No caso dos vehículos articulados tributarán simultaneamente e por separado, o que leve a potencia de arrastre e os remolques e semirremolques arrastrados.

d) As máquinas autopropulsadas que poidan circular polas vías públicas sen ser transportadas ou arrastradas por outro vehículo de tracción mecánica, tributarán polas tarifas correspondentes aos tractores.

e) A potencia fiscal do vehículo expresada en cabalos fiscais establecerase de acordo co disposto no artigo 11 do Regulamento Xeral de Vehículos, aprobado polo Real Decreto 2.822/1998 e elo en relación ao previsto no Anexo V do mesmo texto legal, segundo o tipo de motor, expresada con dúas cifras decimais aproximadas por defecto.

f) A carga útil do vehículo, a efectos do imposto, á a diferenza entre a Masa Máxima Autorizada (M.M.A.) e a Tara do vehículo, expresadas ambas magnitudes en Quilogramos.

g) Os vehículos furgóns (clasificacións 24, 25 e 26 segundo o Anexo II do Regulamento Xeral de Vehículos) tributarán, aos efectos deste imposto, pola súa carga útil conforme á letra C) do artigo 4º.

Artigo 2º.-

O pago do imposto acreditarase mediante a declaración-liquidación (autoliquidación) ou o recibo debidamente validado pola Entidade Recadadora.

Artigo 3º.-

1.- No caso de primeiras adquisicións dun vehículo ou cando estes se reformen de maneira que se altere a súa clasificación a efectos do presente imposto, os suxeitos pasivos presentarán perante a Oficina Xestora correspondente, no prazo de trinta días a contar dende a data da adquisición ou reforma, declaración-liquidación (autoliquidación) por este Imposto, segundo o modelo aprobado polo Concello ao que se acompañará a fotocopia da documentación acreditativa da súa compra ou modificación, certificado das súas características técnicas, segundo proceda e do Documento Nacional de Identidade ou o Código de Identificación Fiscal do suxeito pasivo.

2.- Simultaneamente á presentación da declaración-liquidación (autoliquidación) á que se fai referencia no apartado anterior, o suxeito pasivo ingresará o importe da cota do imposto resultante da mesma. Esta autoliquidación terá a consideración de liquidación provisional en tanto que pola oficina xestora non se comprobe ca mesma efectuouse mediante a correcta aplicación das normas reguladoras do Imposto. En caso contraio, a oficina xestora, practicará a correspondente liquidación complementaria que será notificada individualmente ó interesado, con indicación dos prazos de ingreso e dos recursos procedentes.

Artigo 4º.-

1.-No caso de vehículos xa matriculados ou declarados aptos para a circulación, o pago das cotas anuais do imposto realizarase segundo os prazos sinalados na Ordenanza Xeral de Xestión e Recadación dos Tributos e Outros Ingresos de Dereito Público Locais deste Concello.

2.- No suposto regulado no apartado anterior a recadación das correspondentes cotas realizarase mediante o sistema de padrón anual no que figurarán tódolos vehículos suxeitos ao imposto que se atopen inscritos no correspondente Rexistro Público a nome de persoas ou entidades domiciliadas neste termo municipal.

3.- O padrón ou matrícula do imposto exporase ao público anualmente para que os lexítimos interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamación oportunas. A exposición ao público anunciarase no Boletín Oficial da Provincia e producirá os efectos de notificación da liquidación a cada un dos suxeito pasivos.

4.- Non está suxeitos a este imposto:

- a) Os vehículos que sendo dados de baixa nos Rexistros por antigüidade do seu modelo, poidan ser autorizados para circular excepcionalmente con ocasión de exhibicións, certames ou carreiras limitadas ós deste natureza.
- b) Os remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica de carga útil non superiora 750 quilogramos.

Artigo 5º.- BONIFICACIÓNS

1. Os vehículos históricos catalogados de acordo co establecido no Capítulo I do Regulamento de Vehículos Históricos, aprobado polo Real Decreto 1.247/1995, de 14 de xullo, gozarán dunha bonificación do 100% da cota incrementada ou non do Imposto.

Para poder gozar desta bonificación os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a súa antigüidade. A estes efectos deberán xuntar á solicitude, o permiso de circulación, a ficha técnica do vehículo, o NIF/CIF do solicitante e a resolución da catalogación como vehículo histórico ditada polo órgano competente da Comunidade Autónoma.

Os interesados presentarán a solicitude antes do 31 de decembro de cada ano e terá efectos no período impositivo seguinte a aquel en que se formulase a correspondente solicitude.

Non se concederá esta bonificación a aqueles suxeitos pasivos que figuren con débedas pendentes por calquera concepto fronte á Facenda municipal.

2.-Os vehículos das clases turismos, camións, furgóns, furgonetas, vehículos mixtos adaptables, autobuses, autocares, ciclomotores e motocicletas beneficiaranse nos termos que se dispoñen nos seguintes apartados, dunha bonificación na cota do imposto, en función das características dos motores, a clase de combustible que consuma o vehículo e a incidencia da combustión no medio ambiente, sempre que cumpran as condicións e requisitos seguintes:

- a) Que se trate de vehículos híbridos (motor eléctrico-gasolina, eléctrico-diésel ou eléctrico-gas) que estean homologados de fábrica, incorporando dispositivos catalizadores, adecuados á súa clase e modelo, que minimize as emisións contaminantes.

Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto durante catro anos naturais desde a súa primeira matriculación.

b) Que se trate de vehículos de motor eléctrico, impulsados por enerxía solar e/ ou emisión nulas. Estes vehículos beneficiaranse dunha bonificación do 50% na cota do imposto con carácter indefinido, en tanto se manteñan as circunstancias de motor, enerxía utilizada e emisións sinaladas.

c) Que se trate de vehículos que utilicen como combustible o biogás, gas natural comprimido, metano, metanol, hidróxeno ou GLP (gas licuado del petróleo).

Estes vehículos se beneficiarán dunha bonificación do 50% na cota do imposto mentres utilicen os combustibles citados.

As bonificacións citadas anteriormente a), b) e c) terán carácter rogado, e dicir, os interesados deberán instar a súa concesión acompañando: A ficha técnica do vehículo e a documentación acreditativa dos requisitos.

No suposto de que se desexa que a bonificación produza efecto no mesmo período impositivo no que se produce a matriculación, a solicitude deberá formularse no momento de efectuar a presentación-ingreso da correspondente autoliquidación do imposto sobre vehículos de tracción mecánica, obrigatoria para a dita matriculación. En caso de que se presente con posterioridade, a bonificación producirá efecto para o período impositivo seguinte á data de presentación da citada solicitude, non alcanzando ás cotas percibidas con anterioridade.

Artigo 6º.- EXENCIONES

1.- Estarán exentos do imposto os vehículos incluídos no artigo 93.1 de LRFL.

2.- En relación coa exención dos vehículos de discapacitados prevista no parágrafo 2º da letra e) do apartado 1º do artigo 93 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o interesado deberá achegar as fotocopia do DNI, certificado de discapacidade emitido polo órgano competente (Consellería de Sanidade e Servizos Sociais), fotocopia do permiso de circulación e da ficha técnica do vehículo, fotocopia da póliza do seguro do vehículo e volante de empadronamiento de convivencia donde conste o propietario do vehículo. Para os efectos do disposto neste parágrafo consideraranse persoas con discapacidade as que teñan esta condición legal en grao igual ou superior ao 33%, e xustificar o destino do vehículo conforme aos seguintes requisitos:

Presentación xunto coa solicitude de exención, de declaración xurada de que o vehículo está destinado para o seu uso exclusivo. Esta declaración non será necesaria se o vehículo estivese adaptado para conducilo unha persoa con discapacidade (mobilidade limitada), se así constase na ficha técnica do vehículo.

3.- As exencións solicitadas en relación a vehículos de nova matriculación a que se refiren os apartados e) e g) do artigo 93.1 do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aplicaranse, se procede, no exercicio seguinte ao da solicitude. O solicitante deberá abonar a autoliquidación correspondente aos trimestres que correspondan, relativos ao exercicio da data da solicitude.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA:

Quen tivera recoñecida a bonificación prevista no artigo 5º.1 da Ordenanza fiscal nº 12 reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica, respecto dun vehículo de antigüidade superior a 25 anos, vixente ata o 31 de decembro do 2019, deixará de gozar da mesma o 1 de xaneiro de 2020.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

No exercicio 2003, o prazo de solicitude de beneficios fiscais, enténdese ampliado ata o 1 de maio de 2003.

DILIXENCIA, para constatarse que:

A redacción orixinal da presente Ordenanza fiscal foi aprobada provisionalmente por Sesión Plenaria de data 9 de novembro de 1.989, publicándose o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia Nº 4 bis de data 5 de xaneiro de 1.990.

Por Pleno de data 19 de decembro de 1.991 modificouse o artigo 1º, publicándose o texto íntegro do referido artigo no B.O.P. Nº 94 de 25 de abril de 1.992.

Por Pleno de data 22 de decembro de 1.992 modificouse o artigo 1º, publicándose o texto íntegro do referido artigo no B.O.P. Nº 72 de 30 de marzo de 1.993.

Por Pleno de data 15 de novembro do ano 2001 incorporouse o artigo 4 bis, publicándose o texto íntegro do referido artigo no B.O.P. nº 29 de 4 de febreiro do 2002..

Por Pleno de data 21 de marzo de 2003 modificaronse os artigos 1º, 2º e 3º, modifícanse os apartados 1 e 3 e engádese un apartado 4 no artigo 4º, substitúese e modifícase o artigo 4 bis polo artigo 5º, engádese o artigo 6º e modifícase a disposición transitoria, publicándose o seu texto íntegro no B.O.P. nº.: 129 de data 7 de Xuño de 2003. Comezará a rexer o día un de xaneiro de duos mil tres, e continuará vixente mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

Por Pleno de data 25 de setembro do 2008 modificaronse os artigos 1º, 5º e 6º e incorporouse unha disposición adicional, publicándose os seus textos íntegros no BOP nº 285 de 12 de decembro de 2008.

Por Pleno de data 29 de setembro do 2011 modificaronse os artigos 5º e 6º e derrogouse con efectos 1 de xaneiro do 2012 a disposición adicional. O texto dos artigos modificados publicouse no BOP Nº 241 de 21 de decembro do 2011.

Por Pleno de data 29 de outubro do 2015, modificaronse os artigos 1º e 5º, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 244 de 22 de decembro do 2015.

Por Pleno de data 26 de setembro do 2019, modificouse o artigo e 5º e incorporouse una disposición adicional primeira, publicándose os textos íntegros no BOP Nº 235 de 11 de decembro do 2019.